

FÍSICA DO SÉCULO XX

[Método e recomendacións](#)◇ **PROBLEMAS**● **Efecto fotoeléctrico**

1. Ao iluminar un metal con luz de frecuencia $2,5 \cdot 10^{15}$ Hz obsérvase que emite electróns que poden detense ao aplicar un potencial de freado de 7,2 V. Se a luz que se emprega co mesmo fin é de lonxitude de onda no baleiro $1,78 \cdot 10^{-7}$ m, o devandito potencial pasa a ser de 3,8 V. Determina:

a) O valor da constante de Planck.

b) O traballo de extracción do metal.

Datos: $|q_e| = 1,6 \cdot 10^{-19}$ C; $c = 3 \cdot 10^8$ m·s⁻¹.

(A.B.A.U. extr. 22)

Rta.: a) $h = 6,7 \cdot 10^{-34}$ J·s ; b) $W_e = 5 \cdot 10^{-19}$ J.

Datos

Frecuencia da 1.^a radiación

Potencial de freado da 1.^a radiación

Lonxitude de onda da 2.^a radiación

Potencial de freado da 2.^a radiación

Velocidade da luz no baleiro

Carga do electrón

Incógnitas

Constante de Planck

Traballo de extracción

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Enerxía cinética

Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado

Cifras significativas: 3

$$f_1 = 2,50 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

$$V_1 = 7,20 \text{ V}$$

$$\lambda_2 = 1,78 \cdot 10^{-7} \text{ m}$$

$$V_2 = 3,80 \text{ V}$$

$$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$$

$$q_e = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$$

$$h$$

$$W_e$$

$$E_f = h \cdot f$$

$$E_f = W_e + E_c$$

$$f = c / \lambda$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_c = |e| \cdot V$$

Solución:

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck.

O potencial de freado é a diferenza de potencial que detén o paso de electróns, sendo unha medida da súa enerxía cinética máxima:

$$E_c = q \cdot V$$

A ecuación de Einstein quedaría:

$$h \cdot f = W_e + q \cdot V$$

O traballo de extracción e a constante de Planck poden calcularse resolvendo un sistema de dúas ecuacións con dúas incógnitas:

$$h \cdot f_1 = W_e + q \cdot V_1$$

$$h \cdot f_2 = W_e + q \cdot V_2$$

Se expresamos a frecuencia f en función da lonxitude de onda λ : $f = c / \lambda$ e substituímos os datos, quedaría:

$$\begin{cases} h \cdot 2,50 \cdot 10^{15} = W_e + 1,60 \cdot 10^{-19} \cdot 7,20 \\ \frac{h \cdot 3,00 \cdot 10^8}{1,78 \cdot 10^{-7}} = W_e + 1,60 \cdot 10^{-19} \cdot 3,80 \end{cases} \Rightarrow \begin{cases} 2,50 \cdot 10^{15} \cdot h = W_e + 1,15 \cdot 10^{-18} \\ 1,69 \cdot 10^{15} \cdot h = W_e + 6,08 \cdot 10^{-19} \end{cases}$$

Restando obteríamos o valor de h :

$$0,81 \cdot 10^{15} \cdot h = 5,4 \cdot 10^{-19}$$

$$h = \frac{5,4 \cdot 10^{-19}}{0,81 \cdot 10^{15}} = 6,7 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$$

Substituíndo na primeira ecuación calcularíamos o valor de W_e :

$$2,50 \cdot 10^{15} \cdot 6,7 \cdot 10^{-34} = W_e + 1,15 \cdot 10^{-18}$$

$$W_e = 2,50 \cdot 10^{15} \cdot 6,7 \cdot 10^{-34} - 1,15 \cdot 10^{-18} = 5 \cdot 10^{-19} \text{ J} = 3 \text{ eV}$$

Análise: O valor obtido da constante de Planck é bastante parecido a $h = 6,62 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$. O valor do traballo de extracción é razoable.

2. Nunha célula fotoelétrica, o cátodo ilumínase cunha radiación de lonxitude de onda $\lambda = 3 \cdot 10^{-7} \text{ m}$.

a) Estude se a radiación produce efecto fotoeléctrico, considerando que o traballo de extracción corresponde a unha frecuencia de $7,0 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$.

b) Calcule a velocidade máxima dos electróns arrancados e a diferenza de potencial que hai que aplicar entre ánodo e cátodo para que se anule a corrente fotoelétrica.

DATOS: $|q_e| = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $m_e = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$; $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$.

(A.B.A.U. ord. 22)

Rta.: b) $v = 6,6 \cdot 10^5 \text{ m/s}$; $V = 1,24 \text{ V}$.

Datos

Lonxitude de onda da radiación

Frecuencia á que corresponde o traballo de extracción do metal

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Carga do electrón

Masa do electrón

Incógnitas

Traballo de extracción

Enerxía da radiación

Velocidade máxima coa que son emitidos os electróns

Potencial de freado

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Enerxía cinética

Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado

Cifras significativas: 3

$$\lambda = 3,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}$$

$$f = 7,00 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$$

$$h = 6,62 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$$

$$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$$

$$q_e = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$$

$$m_e = 9,10 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$$

$$W_e$$

$$E_f$$

$$v$$

$$V$$

$$E_f = h \cdot f$$

$$E_f = W_e + E_c$$

$$f = c / \lambda$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_c = |e| \cdot V$$

Solución:

a) Combinando as ecuacións de Planck, $E_f = h \cdot f$, e Einstein, $E_f = W_e + E_c$, obtense a relación entre o traballo de extracción, W_e , e a frecuencia limiar, f_0 :

$$W_e = E_f - E_c = h \cdot f_0 - 0 = 6,62 \cdot 10^{-34} [\text{J}\cdot\text{s}] \cdot 7,00 \cdot 10^{14} [\text{s}^{-1}] = 4,63 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Da relación entre a lonxitude de onda e a frecuencia, $f = c / \lambda$, obtense a frecuencia da radiación:

$$f = \frac{c}{\lambda} = \frac{3,00 \cdot 10^8 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}}{3,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}} = 1,00 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

Coa ecuación de Planck, $E_f = h \cdot f$, obtense a enerxía da radiación incidente:

$$E_f = h \cdot f = 6,62 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}] \cdot 1,00 \cdot 10^{15} [\text{s}^{-1}] = 6,62 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Vese que é maior que o traballo de extracción, e, polo tanto, produce efecto fotoeléctrico.

b) Para calcular a velocidade máxima dos electróns arrancados hai que calcular antes a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos, a partir da ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_c = E_f - W_e = 6,62 \cdot 10^{-19} [\text{J}] - 4,63 \cdot 10^{-19} [\text{J}] = 1,99 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A velocidade será:

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2 \Rightarrow v = \sqrt{\frac{2 E_c}{m}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 1,99 \cdot 10^{-19} [\text{J}]}{9,1 \cdot 10^{-31} [\text{kg}]}} = 6,60 \cdot 10^5 \text{ m/s}$$

Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{1,99 \cdot 10^{-19} [\text{J}]}{1,60 \cdot 10^{-19} [\text{C}]} = 1,24 \text{ V}$$

3. Ilumínase un metal con luz monocromática dunha certa lonxitude de onda. Se o traballo de extracción é de $4,8 \cdot 10^{-19} \text{ J}$ e o potencial de freado é de $2,0 \text{ V}$, calcula:

- A velocidade máxima dos electróns emitidos.
- A lonxitude de onda da radiación incidente.
- Representa graficamente a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos en función da frecuencia da luz incidente.

DATOS: $|q_e| = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $m_e = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$; $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}^{-1}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$. (A.B.A.U. extr. 19)

Rta.: a) $v = 8,4 \cdot 10^5 \text{ m/s}$; b) $\lambda = 250 \text{ nm}$

Datos

Traballo de extracción do metal

Potencial de freado

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Carga do electrón

Masa do electrón

Incógnitas

Velocidade máxima dos electróns emitidos

Lonxitude de onda da radiación incidente

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Enerxía cinética

Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado

Cifras significativas: 2

$$W_e = 4,8 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

$$V = 2,0 \text{ V}$$

$$h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$$

$$c = 3,0 \cdot 10^8 \text{ m/s}$$

$$|e| = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$$

$$m_e = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$$

$$v$$

$$\lambda$$

$$E_f = h \cdot f$$

$$E_f = W_e + E_c$$

$$f = c / \lambda$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_c = |e| \cdot V$$

Solución:

a) A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos calcúlase a partir do potencial de freado:

$$E_c = |e| \cdot V = 1,6 \cdot 10^{-19} [\text{C}] \cdot 2,0 [\text{V}] = 3,2 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A velocidade calcúlase a partir da expresión da enerxía cinética:

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2 \Rightarrow v = \sqrt{\frac{2 E_c}{m}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 3,2 \cdot 10^{-20} [\text{J}]}{9,1 \cdot 10^{-31} [\text{kg}]}} = 8,4 \cdot 10^5 \text{ m/s}$$

b) Calcúlase a enerxía da radiación empregando a ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

$$E_f = W_e + E_c = 4,8 \cdot 10^{-19} [\text{J}] + 3,2 \cdot 10^{-19} [\text{J}] = 8,0 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A frecuencia dos fotóns incidentes calcúlase usando a ecuación de Planck:

$$E_f = h \cdot f \Rightarrow f = \frac{E_f}{h} = \frac{8,0 \cdot 10^{-19} \text{ [J]}}{6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J}\cdot\text{s]}} = 1,2 \cdot 10^{15} \text{ s}^{-1} = 1,2 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

A lonxitude de onda dos fotóns calcúlase usando a relación entre a frecuencia e a lonxitude de onda:

$$f = \frac{c}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{c}{f} = \frac{3,0 \cdot 10^8 \text{ [m/s]}}{1,2 \cdot 10^{15} \text{ s}^{-1}} = 2,5 \cdot 10^{-7} \text{ m} = 250 \text{ nm}$$

c) Calcúlase a frecuencia limiar combinando as ecuacións de Planck e Einstein:


$$W_e = h \cdot f_0$$

$$f_0 = \frac{W_e}{h} = \frac{4,8 \cdot 10^{-19} \text{ J}}{6,63 \cdot 10^{-24} \text{ J}\cdot\text{s}} = 7,2 \cdot 10^{14} \text{ s}^{-1}$$

Por debaixo da frecuencia limiar non hai electróns.

Faise unha táboa con valores da frecuencia maiores ao valor da frecuencia limiar, e calcúlase a enerxía cinética dos electróns coa ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico.

A gráfica podería ser como a seguinte:



4. Unha radiación monocromática que ten unha lonxitude de onda de 600 nm penetra nunha célula fotoeléctrica de cátodo de cesio cuxo traballo de extracción é $3,2 \cdot 10^{-19}$ J. Calcula:

- A lonxitude de onda limiar para o cesio.
- A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos.
- O potencial de freado.

DATOS: $h = 6,62 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$; $q_e = -1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $1 \text{ nm} = 10^{-9} \text{ m}$

(A.B.A.U. ord. 18)

Rta.: a) $\lambda_0 = 621 \text{ nm}$; b) $E_c = 1,1 \cdot 10^{-20} \text{ J}$; c) $V = 0,069 \text{ V}$

Datos

Lonxitude de onda da radiación

Traballo de extracción do metal

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Carga do electrón

Incógnitas

Lonxitude de onda limiar

Energía cinética máxima coa que son emitidos os electróns

Potencial de freado

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Energía cinética

Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado

Cifras significativas: 3

$\lambda = 600 \text{ nm} = 6,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}$

$W_e = 3,20 \cdot 10^{-19} \text{ J}$

$h = 6,62 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$

$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$

$q_e = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$

λ_0

E_c

V

$E_f = h \cdot f$

$E_f = W_e + E_c$

$f = c / \lambda$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E_c = |e| \cdot V$

Solución:

a) A lonxitude de onda limiar corresponde a unha radiación coa enerxía mínima para provocar o efecto fotoeléctrico. Combinando as ecuacións de Planck e Einstein, obtense a frecuencia limiar:

$$W_e = h \cdot f_0$$

$$f_0 = \frac{W_e}{h} = \frac{3,20 \cdot 10^{-19} \text{ J}}{6,62 \cdot 10^{-24} \text{ J}\cdot\text{s}} = 4,83 \cdot 10^{14} \text{ s}^{-1}$$

A lonxitude de onda limiar:

$$\lambda_0 = \frac{c}{f_0} = \frac{3,00 \cdot 10^8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}}{4,83 \cdot 10^{14} \text{ s}^{-1}} = 6,21 \cdot 10^{-7} \text{ m} = 621 \text{ nm}$$

c) A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos calcúlase a partir da ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_c = E_f - W_e$$

A enerxía dos fotóns, despois de substituír a frecuencia pola súa expresión en función da lonxitude de onda, é:

$$E_f = h \cdot f = \frac{h \cdot c}{\lambda} = \frac{6,62 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}] \cdot 3,00 \cdot 10^8 [\text{m} \cdot \text{s}^{-1}]}{6,00 \cdot 10^{-7} [\text{m}]} = 3,31 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos vale:

$$E_c = 3,31 \cdot 10^{-19} [\text{J}] - 3,20 \cdot 10^{-19} [\text{J}] = 1,1 \cdot 10^{-20} \text{ J}$$

b) Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{1,1 \cdot 10^{-20} [\text{J}]}{1,60 \cdot 10^{-19} [\text{C}]} = 0,069 \text{ V}$$

5. O traballo de extracción do cátodo metálico nunha célula fotoeléctrica é 3,32 eV. Sobre el incide radiación de lonxitude de onda $\lambda = 325 \text{ nm}$. Calcula:

a) A velocidade máxima coa que son emitidos os electróns.

b) O potencial de freado.

Datos: constante de Planck $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$, $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m/s}$, $1 \text{ nm} = 10^{-9} \text{ m}$, $1 \text{ eV} = 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ J}$,

$e = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$, $m_e = 9,11 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$

(P.A.U. xuño 05)

Rta.: a) $v = 4,2 \cdot 10^5 \text{ m/s}$, b) $V = 0,51 \text{ V}$

Datos

Lonxitude de onda da radiación

Traballo de extracción do metal

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Masa do electrón

Incógnitas

Velocidade máxima coa que son emitidos os electróns

Potencial de freado

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Enerxía cinética

Relación entre a enerxía cinética dos electróns e o potencial de freado

Cifras significativas: 3

$\lambda = 325 \text{ nm} = 3,25 \cdot 10^{-7} \text{ m}$

$W_e = 3,32 \text{ eV} = 5,31 \cdot 10^{-19} \text{ J}$

$h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$

$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$

$m_e = 9,11 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$

v

V

$$E_f = h \cdot f$$

$$E_f = W_e + E_c$$

$$f = c / \lambda$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_c = |e| \cdot V$$

Solución:

a) Obtense a velocidade máxima coa que son emitidos os electróns a partir da enerxía cinética.

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos calcúlase a partir da ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_c = E_f - W_e$$

A enerxía dos fotóns, despois de substituír a frecuencia pola súa expresión en función da lonxitude de onda, é:

$$E_f = h \cdot f = \frac{h \cdot c}{\lambda} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}] \cdot 3,00 \cdot 10^8 [\text{m} \cdot \text{s}^{-1}]}{3,25 \cdot 10^{-7} [\text{m}]} = 6,12 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos vale:

$$E_c = 6,12 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} - 5,31 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} = 8,1 \cdot 10^{-20} \text{ J}$$

Calcúlase a velocidade a partir da expresión da enerxía cinética:

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2 \Rightarrow v = \sqrt{\frac{2 E_c}{m}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 8,1 \cdot 10^{-20} \text{ [J]}}{9,11 \cdot 10^{-31} \text{ [kg]}}} = 4,2 \cdot 10^5 \text{ m/s}$$

b) Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{8,1 \cdot 10^{-20} \text{ [J]}}{1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]}} = 0,51 \text{ V}$$

6. A lonxitude de onda máxima capaz de producir efecto fotoeléctrico nun metal, é 4500 Å:

a) Calcula o traballo de extracción.

b) Calcula o potencial de freado se a luz incidente é de $\lambda = 4000 \text{ Å}$.

c) Habería efecto fotoeléctrico con luz de $5 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$?

Datos: $e = -1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$; $1 \text{ Å} = 10^{-10} \text{ m}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m/s}$

(P.A.U. xuño 10)

Rta.: a) $W_0 = 4,4 \cdot 10^{-19} \text{ J}$; b) $V = 0,34 \text{ V}$

Datos

Lonxitude de onda limiar

Lonxitude de onda

Frecuencia da radiación

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Carga do electrón

Incógnitas

Traballo de extracción

Potencial de freado

Enerxía dun fotón de $f = 5 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$

Outros símbolos

Enerxía cinética máxima dos electróns emitidos

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Relación entre potencial de freado e enerxía cinética

Cifras significativas: 3

$$\lambda_0 = 4500 \text{ Å} = 4,50 \cdot 10^{-7} \text{ m}$$

$$\lambda = 4000 \text{ Å} = 4,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}$$

$$f = 5,00 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$$

$$h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$$

$$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$$

$$e = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$$

$$W_e$$

$$V$$

$$E_f$$

$$E_c$$

$$E_f = h \cdot f$$

$$E_f = W_e + E_c$$

$$W_e = h \cdot f_0$$

$$f = c / \lambda$$

$$E_c = |e| \cdot V$$

Solución:

a) Calcúlase o traballo de extracción a partir da lonxitude de onda limiar:

$$W_e = h \cdot f_0 = \frac{h \cdot c}{\lambda_0} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J}\cdot\text{s]} \cdot 3,00 \cdot 10^8 \text{ J}}{4,50 \cdot 10^{-7} \text{ m}} = 4,42 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

b) O potencial de freado calcúlase a partir da enerxía cinética máxima dos electróns emitidos.

Calcúlase a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos a partir da ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_c = E_f - W_e$$

A enerxía dos fotóns, despois de substituír a frecuencia pola súa expresión en función da lonxitude de onda, é:

$$E_f = h \cdot f = \frac{h \cdot c}{\lambda} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J}\cdot\text{s]} \cdot 3,00 \cdot 10^8 \text{ [m}\cdot\text{s}^{-1}]}{4,00 \cdot 10^{-7} \text{ [m]}} = 4,97 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos vale:

$$E_c = 4,97 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} - 4,42 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} = 5,5 \cdot 10^{-20} \text{ J}$$

Calcúlase o potencial de freado a partir da ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{5,5 \cdot 10^{-20} \text{ [J]}}{1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]}} = 0,35 \text{ V}$$

c) Unha luz producirá efecto fotoeléctrico se a súa enerxía é maior que el traballo de extracción.

Calcúlase a enerxía da radiación de $f = 5,00 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$

$$E_f = h \cdot f = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J} \cdot \text{s]} \cdot 5,00 \cdot 10^{14} \text{ [s}^{-1}] = 3,32 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Compárase co traballo de extracción:

$$(E_f = 3,32 \cdot 10^{-19} \text{ J}) < (W_e = 4,42 \cdot 10^{-19} \text{ J})$$

Como a enerxía da radiación é menor que o traballo de extracción, non se producirá efecto fotoeléctrico.

7. Un raio de luz produce efecto fotoeléctrico nun metal. Calcula:

a) A velocidade dos electróns se o potencial de freado é de 0,5 V.

b) A lonxitude de onda necesaria se a frecuencia limiar é $f_0 = 10^{15} \text{ Hz}$ e o potencial de freado é 1 V.

c) Aumenta a velocidade dos electróns incrementando a intensidade da luz incidente?

Datos: $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$; $e = -1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $m_e = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$; $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$

(P.A.U. xuño 11)

Rta.: a) $v = 4,2 \cdot 10^5 \text{ m/s}$; b) $\lambda = 242 \text{ nm}$

Datos

Potencial de freado a

Frecuencia limiar

Potencial de freado b

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Carga do electrón

Masa do electrón

Incógnitas

Velocidade dos electróns

Lonxitude de onda

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Enerxía cinética

Relación entre potencial de freado V e enerxía cinética

Cifras significativas: 3

$V_a = 0,500 \text{ V}$

$f_0 = 1,00 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$

$V_b = 1,00 \text{ V}$

$h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$

$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$

$e = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$

$m_e = 9,10 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$

v

λ

$E_f = h \cdot f$

$E_f = W_e + E_c$

$W_e = h \cdot f_0$

$f = c / \lambda$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E_c = |e| \cdot V$

Solución:

a) Calcúlase a velocidade máxima dos electróns emitidos igualando as expresións da enerxía cinética en función da velocidade e en función do potencial de freado:

$$\frac{1}{2} m_e \cdot v^2 = |e| \cdot V$$

$$v = \sqrt{\frac{2|e| \cdot V_a}{m_e}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]} \cdot 0,500 \text{ [V]}}{9,10 \cdot 10^{-31} \text{ [kg]}}} = 4,19 \cdot 10^5 \text{ m/s}$$

b) Para determinar a lonxitude de onda necesaria para producir efecto fotoeléctrico nun metal, úsase a ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_f = W_e + E_c$$

Calcúlase o traballo de extracción a partir da lonxitude de onda limiar:

$$W_e = h \cdot f_0 = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J} \cdot \text{s]} \cdot 1,00 \cdot 10^{15} \text{ [s}^{-1}] = 6,63 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía cinética a partir da súa expresión en función do potencial de freado

$$E_c = |e| \cdot V_b = 1,60 \cdot 10^{-19} [\text{C}] \cdot 1,00 [\text{V}] = 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía do fotón a partir da ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

$$E_f = W_e + E_c = 6,63 \cdot 10^{-19} [\text{J}] + 1,60 \cdot 10^{-19} [\text{J}] = 8,23 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Calcúlase a frecuencia do fotón a partir da ecuación de Planck

$$E_f = h \cdot f \Rightarrow f = \frac{E_f}{h} = \frac{8,23 \cdot 10^{-19} [\text{J}]}{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}]} = 1,24 \cdot 10^{15} \text{ s}^{-1} = 1,24 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda

$$f = \frac{c}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{c}{f} = \frac{3,00 \cdot 10^8 [\text{m} \cdot \text{s}^{-1}]}{1,24 \cdot 10^{15} [\text{s}^{-1}]} = 2,42 \cdot 10^{-7} \text{ m}$$

c) A intensidade da luz non afecta á velocidade dos electróns que só depende da frecuencia da luz. É unha das leis experimentais do efecto fotoeléctrico, explicada pola interpretación de Einstein que di que a luz é un feixe de partículas chamadas fotóns. Cando un fotón choca cun electrón, comunícalle toda a súa enerxía. Pola ecuación de Planck:

$$E_f = h \cdot f$$

Se a enerxía é suficiente para arrincar o electrón do metal ($E_f > W_e$), a enerxía restante queda en forma de enerxía cinética do electrón. Canto maior sexa a frecuencia do fotón, maior será a velocidade do electrón. Ao aumentar a intensidade da luz, o que se conseguiría sería un maior número de fotóns, que, de ter a enerxía suficiente, arrincarían máis electróns, producindo unha maior intensidade de corrente eléctrica.

8. O traballo de extracción para o sodio é de 2,50 eV. Calcula:

- A lonxitude de onda da radiación que debemos usar para que a velocidade máxima dos electróns emitidos sexa de $1,00 \cdot 10^7 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$.
- O potencial de freado.
- A lonxitude de onda de De Broglie asociada aos electróns emitidos polo metal con velocidade máxima.

Datos: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$; $|q(e)| = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $1 \text{ nm} = 10^{-9} \text{ m}$; $m(e) = 9,1 \cdot 10^{-31}$.

(A.B.A.U. extr. 18)

Rta.: a) $\lambda = 4,33 \text{ nm}$; b) $V = 284 \text{ V}$; c) $\lambda_B = 72,9 \text{ pm}$.

Datos

Traballo de extracción do sodio
Velocidade dos electróns emitidos
Constante de Planck
Velocidade da luz no baleiro
Masa do electrón
Carga do electrón

Incógnitas

Lonxitude de onda incidente para que a velocidade dos electróns emitidos sexa $1,00 \cdot 10^7 \text{ m/s}$

Potencial de freado

Lonxitude de onda de De Broglie asociada aos electróns

Outros símbolos

Enerxía do fotón

Ecuacións

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

Relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

Enerxía cinética

Cifras significativas: 3

$W_e = 2,50 \text{ eV}$
 $v = 1,00 \cdot 10^7 \text{ m/s}$
 $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$
 $c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$
 $m_e = 9,10 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$
 $|q_e| = 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$

λ

V

λ_B

E_f

$E_f = h \cdot f$

$E_f = W_e + E_c$

$W_e = h \cdot f_0$

$f = c / \lambda$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

Ecuacións

Lonxitude de onda de De Broglie

$$\lambda = \frac{h}{m \cdot v}$$

Solución:

a) Calcúlase o traballo de extracción en unidades do S.I.:

$$W_e = 2,50 \text{ [eV]} \cdot \frac{1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]}}{1 \text{ [e]}} = 4,00 \cdot 10^{-19} \text{ C} \cdot \text{V} = 4,00 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía cinética máxima dos electróns emitidos:

$$E_c = m \cdot v^2 / 2 = 9,10 \cdot 10^{-31} \text{ [kg]} \cdot (1,00 \cdot 10^7 \text{ [m/s]})^2 / 2 = 4,55 \cdot 10^{-17} \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía da radiación empregando a ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

$$E_f = W_e + E_c = 4,00 \cdot 10^{-19} \text{ [J]} + 4,55 \cdot 10^{-17} \text{ [J]} = 4,59 \cdot 10^{-17} \text{ J}$$

Calcúlase a frecuencia dos fotóns incidentes usando a ecuación de Planck:

$$E_f = h \cdot f \Rightarrow f = \frac{E_f}{h} = \frac{4,59 \cdot 10^{-17} \text{ [J]}}{6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J} \cdot \text{s]}} = 6,93 \cdot 10^{16} \text{ s}^{-1} = 6,93 \cdot 10^{16} \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda dos fotóns usando a relación entre a frecuencia e a lonxitude de onda:

$$f = \frac{c}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{c}{f} = \frac{3,00 \cdot 10^8 \text{ [m/s]}}{6,93 \cdot 10^{16} \text{ s}^{-1}} = 4,32 \cdot 10^{-9} \text{ m} = 4,32 \text{ nm}$$

b) Calcúlase o potencial de freado na ecuación que o relaciona coa enerxía cinética:

$$E_c = |e| \cdot V \Rightarrow V = \frac{E_c}{|e|} = \frac{4,55 \cdot 10^{-17} \text{ [J]}}{1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]}} = 284 \text{ V}$$

c) Calcúlase a lonxitude de onda asociada aos electróns usando a [ecuación de De Broglie](#)

$$\lambda_B = \frac{h}{m \cdot v} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} \text{ [J} \cdot \text{s]}}{9,10 \cdot 10^{-31} \text{ [kg]} \cdot 1,00 \cdot 10^7 \text{ [m/s]}} = 7,29 \cdot 10^{-11} \text{ m} = 72,9 \text{ pm}$$

9. A frecuencia limiar do volframio é $1,30 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$.a) Xustifica que, se se ilumina a súa superficie con luz de lonxitude de onda $1,50 \cdot 10^{-7} \text{ m}$, se emiten electróns.b) Calcula a lonxitude de onda incidente para que a velocidade dos electróns emitidos sexa de $4,50 \cdot 10^5 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$.c) Cal é a lonxitude de onda de De Broglie asociada aos electróns emitidos coa velocidade de $4,50 \cdot 10^5 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$?Datos: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$; $m_e = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$

(P.A.U. set. 15)

Rta.: a) Si; b) $\lambda = 208 \text{ nm}$; c) $\lambda_3 = 1,62 \text{ nm}$ **Datos**

Frecuencia limiar do volframio

Lonxitude de onda

Velocidade dos electróns emitidos

Constante de Planck

Velocidade da luz no baleiro

Masa do electrón

IncógnitasEnerxía dun fotón de $\lambda = 1,5 \cdot 10^{-7} \text{ m}$ Lonxitude de onda incidente para que a velocidade dos electróns emitidos sexa $4,50 \cdot 10^5 \text{ m/s}$

Lonxitude de onda de De Broglie asociada aos electróns

Cifras significativas: 3

$$f_0 = 1,30 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

$$\lambda_1 = 1,50 \cdot 10^{-7} \text{ m}$$

$$v = 4,50 \cdot 10^5 \text{ m/s}$$

$$h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$$

$$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$$

$$m_e = 9,10 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$$

$$E_f$$

$$\lambda_2$$

$$\lambda_3$$

Outros símbolos

Traballo de extracción

 W_e **Ecuacións**

Ecuación de Planck (enerxía do fotón)

$$E_f = h \cdot f$$

Ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico

$$E_f = W_e + E_c$$

Relación entre a frecuencia limiar e o traballo de extracción

$$W_e = h \cdot f_0$$

Relación entre a frecuencia dunha onda luminosa e a lonxitude de onda

$$f = c / \lambda$$

Enerxía cinética

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

Lonxitude de onda de De Broglie

$$\lambda = \frac{h}{m \cdot v}$$

Solución:

a) Unha luz producirá efecto fotoeléctrico se a súa enerxía é maior que o traballo de extracción.

Calcúlase o traballo de extracción a partir da frecuencia limiar:

$$W_e = h \cdot f_0 = 6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}] \cdot 1,30 \cdot 10^{15} [\text{Hz}] = 8,61 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía da radiación de $\lambda = 1,50 \cdot 10^{-7} \text{ m}$, combinando a ecuación de Planck coa relación entre a frecuencia e a lonxitude de onda:

$$E_f = h \cdot f = \frac{h \cdot c}{\lambda} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}] \cdot 3,00 \cdot 10^8 [\text{m} \cdot \text{s}^{-1}]}{1,50 \cdot 10^{-7} [\text{m}]} = 1,32 \cdot 10^{-18} \text{ J}$$

Compárase a enerxía da radiación co traballo de extracción:

$$(E_f = 1,32 \cdot 10^{-18} \text{ J}) > (W_e = 8,61 \cdot 10^{-19} \text{ J})$$

Producirase efecto fotoeléctrico porque a enerxía da radiación de $\lambda = 1,50 \cdot 10^{-7} \text{ m}$ é maior que o traballo de extracción. Por tanto se emitirán electróns.

b) Calcúlase a enerxía cinética dos electróns emitidos:

$$E_c = m \cdot v^2 / 2 = 9,10 \cdot 10^{-31} [\text{kg}] \cdot (4,50 \cdot 10^5 \text{ m/s})^2 / 2 = 9,22 \cdot 10^{-20} \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía dos fotóns usando a ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico:

$$E_f = W_e + E_c = 8,61 \cdot 10^{-19} [\text{J}] + 9,22 \cdot 10^{-20} [\text{J}] = 9,54 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

Calcúlase a frecuencia dos fotóns incidentes usando a ecuación de Planck:

$$E_f = h \cdot f \Rightarrow f = \frac{E_f}{h} = \frac{9,54 \cdot 10^{-19} [\text{J}]}{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}]} = 1,44 \cdot 10^{15} \text{ s}^{-1} = 1,44 \cdot 10^{15} \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda dos fotóns usando a relación entre a frecuencia e a lonxitude de onda:

$$f = \frac{c}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{c}{f} = \frac{3,00 \cdot 10^8 [\text{m/s}]}{1,44 \cdot 10^{15} \text{ s}^{-1}} = 2,08 \cdot 10^{-7} \text{ m} = 208 \text{ nm}$$

c) Calcúlase a lonxitude de onda asociada aos electróns usando a [ecuación de De Broglie](#)

$$\lambda_3 = \frac{h}{m \cdot v} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J} \cdot \text{s}]}{9,10 \cdot 10^{-31} [\text{kg}] \cdot 4,50 \cdot 10^5 [\text{m/s}]} = 1,62 \cdot 10^{-9} \text{ m} = 1,62 \text{ nm}$$

● Desintegración radioactiva

1. Nun laboratorio recíbense 100 g dun isótopo descoñecido. Transcorridas 2 horas desintegrouse o 20% da masa inicial do isótopo. Calcula:

a) A constante radioactiva.

b) O período de semidesintegración do isótopo e a masa que fica do isótopo orixinal transcorridas 20 horas.

(A.B.A.U. ord. 21)

Rta.: a) $\lambda = 3,10 \cdot 10^{-5} \text{ s}^{-1}$; b) $T_{1/2} = 2,24 \cdot 10^4 \text{ s}$; $m = 10,7 \text{ g}$

Datos

Masa inicial

Tempo transcorrido no que se desintegrou o 20 % da masa inicial

Porcentaxe desintegrado da mostra nese tempo

Tempo para calcular a masa que fica

Incógnitas

Constante radioactiva

Período de semidesintegración

Masa que fica ás 20 h

Outros símbolos

Número de átomos iniciais

Número de átomos ao cabo dun tempo

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Cifras significativas: 3

$m_0 = 100 \text{ g}$

$t_d = 2,00 \text{ h} = 7,20 \cdot 10^3 \text{ s}$

$m_d = 20,0 \% m_0 = 0,200 m_0$

$t = 20,0 \text{ h} = 7,20 \cdot 10^4 \text{ s}$

λ

$T_{1/2}$

m

N_0

N

$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$

$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$

Solución:

a) Calcúlase a constante de desintegración radioactiva λ na ecuación de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

Como a masa é proporcional ao número de átomos:

$$m_0 / m = N_0 / N$$

Se a masa desintegrada é o 20 % da inicial, fica aínda:

$$m = m_0 - m_d = m_0 - 0,200 m_0 = 0,800 m_0$$

$$\lambda = \frac{\ln(N_0 / N)}{t} = \frac{\ln(m_0 / m)}{t} = \frac{\ln(1/0,800)}{7,20 \cdot 10^3 [\text{s}]} = 3,10 \cdot 10^{-5} \text{ s}^{-1} = 0,112 \text{ h}^{-1}$$

b) Calcúlase o período de semidesintegración a partir da constante de desintegración radioactiva:

$$T_{1/2} = \frac{\ln 2}{\lambda} = \frac{0,693}{3,10 \cdot 10^{-5} [\text{s}^{-1}]} = 2,24 \cdot 10^4 \text{ s} = 6,21 \text{ h}$$

A masa que fica ao cabo de 20 h é

$$m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$m = 100 [\text{g}] \cdot e^{-0,112 [\text{h}^{-1}] \cdot 20 [\text{h}]} = 10,7 \text{ g}$$

2. O ^{131}I é un isótopo radioactivo que se utiliza en medicina para o tratamento do hipertiroidismo. O seu período de semidesintegración é de 8 días. Se inicialmente se dispón dunha mostra de 20 mg de ^{131}I :

a) Calcula a masa que queda sen desintegrar despois de estar almacenada nun hospital 50 días.

b) Representa nunha gráfica, de forma cualitativa, a variación da masa en función do tempo.

c) Cal é a actividade inicial de 2 mg de ^{131}I ?

DATO: $N_A = 6,022 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$.

(A.B.A.U. ord. 18)

Rta.: a) $m = 0,263 \text{ mg}$; c) $A = 9,22 \cdot 10^{12} \text{ Bq}$

Datos

Período de semidesintegración

Masa da mostra

Cifras significativas: 3

$T_{1/2} = 8,00 \text{ días} = 6,91 \cdot 10^5 \text{ s}$

$m_0 = 20,0 \text{ mg} = 2,00 \cdot 10^{-5} \text{ kg}$

Datos

Número de Avogadro

Masa atómica do iodo

Tempo transcorrido

Incógnitas

Masa que queda sen desintegrar despois de 50 días

Actividade inicial de 2 mg de ^{131}I **Outros símbolos**

Constante de desintegración radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3

$$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$$

$$M = 131 \text{ g/mol}$$

$$t = 50 \text{ días} = 4,32 \cdot 10^6 \text{ s}$$

 m A λ

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{6,91 \cdot 10^5 \text{ [s]}} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ s}^{-1}$$

A lei de desintegración radioactiva, , pode escribirse en función da masa porque o número de átomos dun elemento é proporcional a a súa masa.


A constante de proporcionalidade é: N_A / M , o número de átomos que hai na unidade de masa dese elemento, onde N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.

$$N = m \cdot N_A / M$$

$$m \frac{N_A}{M} = m_0 \frac{N_A}{M} e^{-\lambda t}$$

$$m = m_0 e^{-\lambda t} = 20,0 \text{ [mg]} \cdot e^{-1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [s}^{-1}] \cdot 4,32 \cdot 10^6 \text{ [s]}} = 0,263 \text{ mg}$$

b) A gráfica é unha función exponencial decrecente.

c) Para calcular a actividade calcúlase primeiro o número de átomos que hai en 2 mg de ^{131}I .


$$N = 2,00 \cdot 10^{-3} \text{ g } ^{131}\text{I} \frac{1 \text{ mol } ^{131}\text{I}}{131 \text{ g } ^{131}\text{I}} \frac{6,02 \cdot 10^{23} \text{ átomos } ^{131}\text{I}}{1 \text{ mol } ^{131}\text{I}} \frac{1 \text{ núcleo } ^{131}\text{I}}{1 \text{ átomo } ^{131}\text{I}} = 9,19 \cdot 10^{18} \text{ núcleos } ^{131}\text{I}$$

A actividade será:

$$A = \lambda \cdot N = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [s}^{-1}] \cdot 9,19 \cdot 10^{18} \text{ [núcleos]} = 9,22 \cdot 10^{12} \text{ Bq}$$

3. En 2012 atopouse no Sahara un meteorito que contiña restos de U-238. Sabemos que no momento da súa formación había unha concentración de $5,00 \cdot 10^{12}$ átomos de U-238 por cm^3 , mentres que na actualidade a concentración medida é de $2,50 \cdot 10^{12}$ átomos de U-238 por cm^3 . Se o tempo de semidesintegración deste isótopo é de $4,51 \cdot 10^9$ anos, determina:

- a) A constante de desintegración do U-238.
 b) A idade do meteorito.
 c) Sabendo que o gas radon resulta da desintegración do U-238, completa a seguinte serie radioactiva coas correspondentes partículas ata chegar ao gas radon:



Rta.: a) $\lambda = 4,87 \cdot 10^{-18} \text{ s}^{-1}$; b) $t = 4,51 \cdot 10^9$ anos; c) ${}^{238}_{92}\text{U} \xrightarrow{\alpha} {}^{234}_{90}\text{Th} \xrightarrow{\beta} {}^{234}_{91}\text{Pa} \xrightarrow{\beta} {}^{234}_{92}\text{U} \xrightarrow{\alpha} {}^{230}_{90}\text{Th} \xrightarrow{\alpha} {}^{226}_{88}\text{Ra} \xrightarrow{\alpha} {}^{222}_{86}\text{Rn}$

Datos

Período de semidesintegración

Átomos iniciais

Átomos actuais

Incógnitas

Constante de desintegración radioactiva

Idade do meteorito

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3

$T_{1/2} = 4,51 \cdot 10^9$ anos = $1,42 \cdot 10^{17}$ s

$N_0 = 5,00 \cdot 10^{12}$ átomos/ cm^3

$N = 2,50 \cdot 10^{12}$ átomos/ cm^3

λ

t

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

- a) Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{1,42 \cdot 10^{17} [\text{s}]} = 4,87 \cdot 10^{-18} \text{ s}^{-1}$$

- b) Calcúlase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$







É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$t = \frac{\ln(N_0 / N)}{\lambda} = \frac{\ln(5,00 \cdot 10^{12} / 2,50 \cdot 10^{12})}{4,87 \cdot 10^{-18} [\text{s}^{-1}]} = 1,42 \cdot 10^{17} \text{ s} = 4,51 \cdot 10^9 \text{ anos}$$


Ánálise: Posto que nese tempo a mostra reduciuse á metade, transcorreu 1 período de semidesintegración que son $4,51 \cdot 10^9$ anos.

- c) Os procesos de emisión de partícula son



Estas ecuacións cumpren as leis de conservación do número másico e da carga eléctrica nos procesos nucleares.

Sabendo que unha partícula alfa é un núcleo de helio-4 ($\alpha = {}^4_2\text{He}$) e unha partícula beta(-) é un electrón ($\beta^- = {}^0_{-1}\text{e}$), o proceso pode resumirse:



4. O período de semidesintegración do ${}^{90}_{38}\text{Sr}$ é 28 anos. Calcula:

- A constante de desintegración radioactiva expresada en s^{-1} .
- A actividade inicial dunha mostra de 1 mg.
- O tempo necesario para que esa mostra se reduza a 0,25 mg.

Datos: $N_A = 6,022 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; masa atómica do ${}^{90}_{38}\text{Sr} = 90 \text{ g} \cdot \text{mol}^{-1}$.

(A.B.A.U. ord. 17)

Rta.: a) $\lambda = 7,84 \cdot 10^{-10} \text{ s}^{-1}$; b) $A_0 = 5,25 \cdot 10^9 \text{ Bq}$; c) $t = 56 \text{ anos}$

Datos

Período de semidesintegración

Masa da mostra

Masa atómica do ${}^{90}_{38}\text{Sr}$

Número de Avogadro

Incógnitas

Constante de desintegración radioactiva

Actividade inicial dunha mostra de 1 mg.

Tempo necesario para que a masa se reduza de 1 mg a 0,25 mg

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3

$$T_{1/2} = 28,0 \text{ anos} = 8,84 \cdot 10^8 \text{ s}$$

$$m = 1,00 \text{ mg} = 1,00 \cdot 10^{-3} \text{ g}$$

$$M = 90,0 \text{ g} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$N_A = 6,022 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$$

$$\lambda$$

$$A_0$$

$$t$$

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{8,84 \cdot 10^8 [\text{s}]} = 7,84 \cdot 10^{-10} \text{ s}^{-1}$$

b) Calcúlanse cantos átomos hai en 1 mg de Sr

$$N = 1,00 \cdot 10^{-3} \text{ g } {}^{90}_{38}\text{Sr} \cdot \frac{1 \text{ mol } {}^{90}_{38}\text{Sr}}{90,0 \text{ g } {}^{90}_{38}\text{Sr}} \cdot \frac{6,022 \cdot 10^{23} \text{ átomos } {}^{90}_{38}\text{Sr}}{1 \text{ mol } {}^{90}_{38}\text{Sr}} \cdot \frac{1 \text{ núcleo } {}^{90}_{38}\text{Sr}}{1 \text{ átomo } {}^{90}_{38}\text{Sr}} = 6,69 \cdot 10^{18} \text{ núcleos } {}^{90}_{38}\text{Sr}$$

Despois calcúlase a actividade radioactiva

$$A = \lambda \cdot N = 7,84 \cdot 10^{-10} [\text{s}^{-1}] \cdot 6,69 \cdot 10^{18} [\text{núcleos}] = 5,25 \cdot 10^9 \text{ Bq}$$

c) Calcúlase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

Como a masa é proporcional á cantidade de núcleos, $m = M \cdot N / N_A$, pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, na que aparece a masa no canto da cantidade de átomos:

$$\lambda \cdot N = \lambda \cdot N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(m / m_0) = \ln(m_0 / m) = \lambda \cdot t$$

$$t = \frac{\ln(m_0 / m)}{\lambda} = \frac{\ln(1,00 \text{ mg } {}^{90}_{38}\text{Sr} / 0,25 \text{ mg } {}^{90}_{38}\text{Sr})}{7,84 \cdot 10^{-10} [\text{s}^{-1}]} = 1,77 \cdot 10^9 \text{ s} = 56 \text{ anos}$$

Análises: Posto que nese tempo a mostra reduciuse á cuarta parte = $\left(\frac{1}{2}\right)^2$, transcorreron 2 períodos de semide-sintegración que son 56 anos.

5. O ^{210}Po ten unha vida media $\tau = 199,09$ días. Calcula:

a) O tempo necesario para que se desintegre o 70 % dos átomos iniciais.

b) Os miligramos de ^{210}Po ao cabo de 2 anos se inicialmente había 100 mg.

$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$

(P.A.U. set. 06)

Rta.: a) $t = 240$ días b) $m = 2,55$ mg

Datos

Vida media

Porcentaxe da mostra que se desintegrou

Masa inicial da mostra

Tempo para calcular a masa que queda

Masa atómica do ^{210}Po

Número de Avogadro

Incógnitas

Tempo necesario para que se desintegre o 70 %

Masa (mg) ao cabo de 2 anos

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Vida media

Cifras significativas: 3

$\tau = 199$ días = $1,72 \cdot 10^7$ s

$d = 70,00$ %

$m = 100$ mg = $1,00 \cdot 10^{-7}$ kg

$t = 2,00$ anos = $6,31 \cdot 10^7$ s

$M = 210$ g/mol

$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$

t

m

λ

$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$

$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$

$\tau = 1 / \lambda$

Solución:

a) Cálculase a constante radioactiva a partir da vida media

$$\lambda = \frac{1}{\tau} = \frac{1}{1,72 \cdot 10^7 [\text{s}]} = 5,81 \cdot 10^{-8} \text{ s}^{-1}$$

Se se desintegrou o 70,0 %, só queda o 30,0 %.

Cálculase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$t = \frac{\ln(N_0 / N)}{\lambda} = \frac{\ln(100/30,0)}{5,81 \cdot 10^{-8} [\text{s}^{-1}]} = 2,07 \cdot 10^7 \text{ s} = 240 \text{ días}$$

b) A lei de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pode escribirse en función da masa porque o número de átomos dun elemento é proporcional a a súa masa.

A constante de proporcionalidade é: N_A / M , o número de átomos que hai na unidade de masa dese elemento, onde N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.

$$N = m \cdot N_A / M$$

$$m \frac{N_A}{M} = m_0 \frac{N_A}{M} e^{-\lambda \cdot t}$$

$$m = m_0 e^{-\lambda \cdot t} = 100 [\text{mg}] \cdot e^{-5,81 \cdot 10^{-8} [\text{s}] \cdot 6,31 \cdot 10^7 [\text{s}]} = 2,55 \text{ mg}$$

6. O período $T_{1/2}$ do elemento radioactivo ${}^{60}_{27}\text{Co}$ é 5,3 anos e desintégrose emitindo partículas β . Calcula:
- O tempo que tarda a mostra en converterse no 70 % da orixinal.
 - Cantas partículas β emite por segundo unha mostra de 10^{-6} gramos de ${}^{60}\text{Co}$?

Dato: $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$

(P.A.U. set. 05)

Rta.: a) $t = 2,73$ anos; b) $A = 4,1 \cdot 10^7 \text{ Bq}$

Datos

Período de semidesintegración

Porcentaxe que queda sen desintegrar da mostra

Masa da mostra

Número de Avogadro

Incógnitas

Tempo transcorrido

Partículas β emitidas por segundo

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3

$T_{1/2} = 5,3 \text{ ano} = 1,67 \cdot 10^8 \text{ s}$

70,00 %

$m = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ g} = 1,00 \cdot 10^{-9} \text{ kg}$

$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$

t

A

λ

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

- a) Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{1,67 \cdot 10^8 [\text{s}]} = 4,14 \cdot 10^{-9} \text{ s}^{-1}$$

Calcúlase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$t = \frac{\ln(N_0 / N)}{\lambda} = \frac{\ln(100 / 70,0)}{4,14 \cdot 10^{-9} [\text{s}^{-1}]} = 8,62 \cdot 10^7 \text{ s} = 2,73 \text{ anos}$$

Análise Posto que aínda non se desintegrou nin a metade da mostra, o tempo transcorrido debe ser menor que o período de semidesintegración.

- b) Se a ecuación de desintegración é ${}^{60}_{27}\text{Co} \rightarrow {}^{60}_{28}\text{Ni} + {}^0_{-1}\text{e} + {}^0_0\bar{\nu}_e$, o número de partículas β (e^-) emitidas por segundo é igual ao número de desintegracións por segundo, ou sexa, á actividade radioactiva.

Calcúlase primeiro a cantidade de átomos.

$$N = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ g } {}^{60}_{27}\text{Co} \cdot \frac{1 \text{ mol } {}^{60}_{27}\text{Co}}{60 \text{ g } {}^{60}_{27}\text{Co}} \cdot \frac{6,02 \cdot 10^{23} \text{ átomos } {}^{60}_{27}\text{Co}}{1 \text{ mol } {}^{60}_{27}\text{Co}} \cdot \frac{1 \text{ núcleo } {}^{60}_{27}\text{Co}}{1 \text{ átomo } {}^{60}_{27}\text{Co}} = 1,0 \cdot 10^{16} \text{ núcleos } {}^{60}_{27}\text{Co}$$

Despois calcúlase a actividade radioactiva

$$A = \lambda \cdot N = 4,14 \cdot 10^{-9} [\text{s}^{-1}] \cdot 1,0 \cdot 10^{16} [\text{núcleos}] = 4,1 \cdot 10^7 \text{ Bq} = 4,1 \cdot 10^7 \text{ partículas } \beta / \text{s}$$

7. Unha mostra radioactiva diminúe desde 10^{15} a 10^9 núcleos en 8 días. Calcula:

- A constante radioactiva λ e o período de semidesintegración $T_{1/2}$.
- A actividade da mostra unha vez transcorridos 20 días desde que tiña 10^{15} núcleos.

(P.A.U. xuño 04)

Rta.: a) $\lambda = 2 \cdot 10^{-5} \text{ s}^{-1}$; $T_{1/2} = 9 \text{ horas}$; b) A (20 días) ≈ 0

Datos

Cantidad inicial
 Cantidad ao cabo de 8 días
 Tempo transcorrido
 Tempo para o cálculo da actividade

Incógnitas

Constante de desintegración radioactiva
 Período de semidesintegración
 Actividade radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 1

$N_0 = 10^{15}$ núcleos
 $N = 10^9$ núcleos
 $t = 8$ días $= 7 \cdot 10^5$ s
 $t' = 20$ días $= 2 \cdot 10^6$ s

λ

$T_{1/2}$

A

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Calcúlase a constante de desintegración radioactiva λ na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t = \ln(10^6) / 7 \cdot 10^5 \text{ [s]} = 2 \cdot 10^{-5} \text{ s}^{-1}$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda = 3 \cdot 10^4 \text{ s} \approx 9 \text{ horas}$$

b) Para calcular a actividade calcúlase primeiro o número de átomos que quedan ao cabo de 20 días,

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 10^{15} \cdot e^{-40} = 1 \text{ núcleo}$$

Este resultado indica que a lei estatística da desintegración deixa de ser válida, xa que o número de átomos é demasiado pequeno. (É coma se quixésese aplicar o dato da esperanza de vida dunha muller (83 anos) para deducir que unha muller concreta – María – morrería aos 83 anos). Para un átomo en concreto, só se pode dicir que a probabilidade de que se desintegre no período de semidesintegración é do 50 %.

Como non se pode calcular a cantidade de núcleos que quedan (poden ser uns poucos ou ningún), a actividade tampouco se pode calcular (unhas 10^{-4} ou 10^{-5} Bq ou ningunha). tendo en conta de 10^{-4} Bq é unha desintegración cada 3 horas, un contador Geiger non detectaría actividade na mostra ao cabo deses 20 días)

8. O Cobalto 60 é un elemento radioactivo utilizado en radioterapia. A actividade dunha mostra redúcese á milésima parte en 52,34 anos. Calcula:

a) O período de semidesintegración.

b) A cantidade de mostra necesaria para que a actividade sexa de $5 \cdot 10^6$ desintegracións/segundo.

c) A cantidade de mostra que queda ao cabo de 2 anos.

Datos $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; masa atómica do $^{60}\text{Co} = 60 \text{ g} \cdot \text{mol}^{-1}$; 1 ano $= 3,16 \cdot 10^7 \text{ s}$ (P.A.U. xuño 16)

Rta.: a) $T_{1/2} = 5,25$ anos; b) $m = 0,12 \text{ } \mu\text{g}$; c) $m_2 = 0,091 \text{ } \mu\text{g}$

Datos

Actividade ao cabo de 52,34 anos
 Tempo transcorrido
 Actividade para o cálculo da cantidade do apartado b
 Tempo para o cálculo da cantidade do apartado c

Incógnitas

Período de semidesintegración
 Cantidade de mostra para que a actividade sexa de $5 \cdot 10^6$ Bq
 Cantidade de mostra que queda ao cabo de 2 anos

Outros símbolos**Cifras significativas: 3**

$A = 0,00100 A_0$
 $t = 52,34$ anos $= 1,65 \cdot 10^9 \text{ s}$
 $A_b = 5 \cdot 10^6 \text{ Bq}$
 $t_c = 2,00$ anos $= 6,32 \cdot 10^7 \text{ s}$

$T_{1/2}$

m

m_2

Incógnitas

Constante de desintegración radioactiva

 λ **Ecuacións**

Lei da desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

Cando $t = T_{1/2}$ $N = N_0 / 2$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

Actividade radioactiva

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:a) Calcúlase a constante de desintegración radioactiva λ na ecuación de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$\lambda = \frac{\ln(N_0 / N)}{t} = \frac{\ln(\lambda \cdot N_0 / \lambda \cdot N)}{t} = \frac{\ln(A_0 / A)}{t} = \frac{\ln(1000)}{1,65 \cdot 10^9 [s]} = 4,18 \cdot 10^{-9} [s^{-1}]$$

Calcúlase o período de semidesintegración a partir da constante de desintegración radioactiva:

$$T_{1/2} = \frac{\ln 2}{\lambda} = \frac{0,693}{4,18 \cdot 10^{-9} [s^{-1}]} = 1,653 \cdot 10^9 s = 5,25 \text{ anos}$$

b) Calcúlase o número de átomos a partir da actividade

$$N = \frac{A}{\lambda} = \frac{5,00 \cdot 10^6 \text{ Bq}}{4,18 \cdot 10^{-9} [s^{-1}]} = 1,20 \cdot 10^{15} \text{ átomos}$$

Co número de Avogadro e a masa atómica calcúlase a masa de cobalto-60

$$m = 1,20 \cdot 10^{15} \text{ átomos } {}^{60}\text{Co} \cdot \frac{1 \text{ mol}}{6,02 \cdot 10^{23} \text{ átomos}} \cdot \frac{60 \text{ g } {}^{60}\text{Co}}{1 \text{ mol } {}^{60}\text{Co}} = 1,19 \cdot 10^{-7} \text{ g} = 0,119 \mu\text{g}$$

c) Calcúlase a masa que queda coa ecuación de desintegración radioactiva.

A lei de desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, pode escribirse en función da masa porque o número de átomos dun elemento é proporcional a a súa masa.A constante de proporcionalidade é: N_A / M , o número de átomos que hai na unidade de masa dese elemento, onde N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.

$$N = m \cdot N_A / M$$

$$m \frac{N_A}{M} = m_0 \frac{N_A}{M} e^{-\lambda \cdot t}$$

$$m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$m_2 = 1,19 \cdot 10^{-7} [g] \cdot e^{-4,18 \cdot 10^{-9} [s^{-1}] \cdot 6,32 \cdot 10^7 [s]} = 9,15 \cdot 10^{-8} \text{ g} = 0,091 \mu\text{g}$$

9. Nunha mostra de ${}^{131}_{53}\text{I}$ radioactivo cun período de semidesintegración de 8 días había inicialmente $1,2 \cdot 10^{21}$ átomos e actualmente só hai $0,2 \cdot 10^{20}$. Calcula:

a) A antigüidade da mostra.

b) A actividade da mostra transcorridos 50 días desde o instante inicial.

(P.A.U. xuño 06)

Rta.: a) $t = 47$ días; b) $A = 1,6 \cdot 10^{13}$ Bq**Datos**

Cantidade inicial

Cifras significativas: 2 $N_0 = 1,2 \cdot 10^{21}$ núcleos

Datos

Cantidade actual

Período de semidesintegración

Tempo para o cálculo da actividade

Incógnitas

Tempo transcorrido

Actividade radioactiva

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 2 $N = 0,20 \cdot 10^{20}$ núcleos $T_{1/2} = 8,0$ días = $6,9 \cdot 10^5$ s $t = 50$ días = $4,3 \cdot 10^6$ s t A λ

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Cálculase a constante de desintegración radioactiva do iodo-131 a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,69}{6,9 \cdot 10^5 [\text{s}]} = 1,0 \cdot 10^{-6} \text{ s}^{-1}$$

Calcúlase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

$$t = \frac{\ln\left(\frac{N_0}{N}\right)}{\lambda} = \frac{\ln\left(\frac{1,2 \cdot 10^{21} [\text{núcleos}]}{0,20 \cdot 10^{20} [\text{núcleos}]}\right)}{1,0 \times 10^{-6} [\text{s}^{-1}]} = 4,1 \cdot 10^6 \text{ s} = 47 \text{ días}$$

b) Para calcular a actividade calcúlase primeiro o número de átomos que quedan ao cabo de 50 días

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 1,2 \cdot 10^{21} [\text{núcleos}] \cdot e^{-1,0 \cdot 10^{-6} [\text{s}] \cdot 4,3 \cdot 10^6 [\text{s}^{-1}]} = 1,6 \cdot 10^{19} \text{ núcleos}$$

A actividade será:

$$A = \lambda \cdot N = 1,0 \cdot 10^{-6} [\text{s}^{-1}] \cdot 1,6 \cdot 10^{19} [\text{núcleos}] = 1,6 \cdot 10^{13} \text{ Bq}$$

10. O tritio (^3H) é un isótopo do hidróxeno inestable cun período de semidesintegración $T_{1/2}$ de 12,5 anos, e se desintegra emitindo unha partícula beta. A análise dunha mostra nunha botella de auga leva a que a actividade debida ao tritio é o 75 % da que presenta a auga no manancial de orixe. Calcula:

a) O tempo que leva embotellada a auga da mostra.

b) A actividade dunha mostra que contén 10^{-6} g de ^3H .

$$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$$

(P.A.U. set. 04)

Rta.: a) $t = 5,2$ anos; b) $A = 4 \cdot 10^8$ Bq

Datos

Período de semidesintegración

Actividade da mostra

Masa da mostra

Número de Avogadro

Incógnitas

Tempo transcorrido

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3 $T_{1/2} = 12,5$ ano = $3,94 \cdot 10^8$ s $A = 75,0$ % $A_0 = 0,750 A_0$ $m = 1,00 \cdot 10^{-6}$ g = $1,00 \cdot 10^{-9}$ kg $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$ t A

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

 λ **Ecuacións**

Lei da desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

Actividade radioactiva

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Calcúlase a constante radioactiva a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{3,94 \cdot 10^8 \text{ [s]}} = 1,76 \cdot 10^{-9} \text{ s}^{-1}$$

Calcúlase o tempo na ecuación da lei de desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

É máis fácil usar a expresión anterior en forma logarítmica.

$$-\ln(N / N_0) = \ln(N_0 / N) = \lambda \cdot t$$

Como a actividade radioactiva é proporcional á cantidade de núcleos, $A = \lambda \cdot N$, obtense unha expresión similar na que aparece a actividade no canto da cantidade de átomos:

$$\lambda t = \ln\left(\frac{N_0}{N}\right) = \ln\left(\frac{A_0/\lambda}{A/\lambda}\right)$$

$$t = \frac{\ln(A_0/A)}{\lambda} = \frac{\ln(100/75,0)}{1,76 \cdot 10^{-9} \text{ [s}^{-1}\text{]}} = 1,64 \cdot 10^8 \text{ s} = 5,19 \text{ anos}$$

*Análise: Posto que aínda non se ha desintegrado nin a metade da mostra, o tempo transcorrido debe ser menor que o período de semidesintegración.*b) Para calcular a actividade calcúlase primeiro o número de átomos que hai 10^{-6} g de ${}^3_1\text{H}$

$$N = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ g } {}^3_1\text{H} \cdot \frac{1 \text{ mol } {}^3_1\text{H}}{3 \text{ g } {}^3_1\text{H}} \cdot \frac{6,02 \cdot 10^{23} \text{ átomos } {}^3_1\text{H}}{1 \text{ mol } {}^3_1\text{H}} \cdot \frac{1 \text{ núcleo } {}^3_1\text{H}}{1 \text{ átomo } {}^3_1\text{H}} = 2,01 \cdot 10^{17} \text{ núcleos } {}^3_1\text{H}$$

A actividade será:

$$A = \lambda \cdot N = 1,76 \cdot 10^{-9} \text{ [s}^{-1}\text{]} \cdot 2,01 \cdot 10^{17} \text{ [núcleos]} = 3,53 \cdot 10^8 \text{ Bq}$$

11. O carbono-14 ten un período de semidesintegración $T_{1/2} = 5730$ anos. Unha mostra ten unha actividade de $6 \cdot 10^8$ desintegracións/minuto. Calcula:

a) A masa inicial da mostra.

b) A súa actividade dentro de 5000 anos.

c) Xustifica por que se usa este isótopo para estimar a idade de xacementos arqueolóxicos.

Datos: $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; masa atómica do ${}^{14}\text{C} = 14 \text{ g}$

(P.A.U. set. 10)

Rta.: a) $m = 6,04 \cdot 10^{-5} \text{ g}$; b) $A = 5,46 \cdot 10^6 \text{ Bq}$ **Datos**

Período de semidesintegración

Actividade da mostra

Tempo para calcular a actividade

Masa atómica do ${}^{14}\text{C}$

Número de Avogadro

Incógnitas

Masa inicial da mostra

Cifras significativas: 3

$$T_{1/2} = 5730 \text{ anos} = 1,81 \cdot 10^{11} \text{ s}$$

$$A_0 = 6,00 \cdot 10^8 \text{ deas/min} = 1,00 \cdot 10^7 \text{ Bq}$$

$$t = 5000 \text{ anos} = 1,58 \cdot 10^{11} \text{ s}$$

$$M = 14,0 \text{ g/mol}$$

$$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$$

 m_0

Incógnitas

Actividade radioactiva aos 5000 anos

A

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

 λ **Ecuacións**

Lei da desintegración radioactiva

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

Actividade radioactiva

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:a) Pódese calcular o número de átomos N a partir da expresión da actividade radioactiva: $A = \lambda \cdot N$.Antes hai que calcular a constante λ de desintegración radioactiva, a partir do período de semidesintegración.

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{1,81 \cdot 10^{11} [\text{s}]} = 3,83 \cdot 10^{-12} \text{ s}^{-1} = 0,000175 \text{ ano}^{-1}$$

$$N_0 = \frac{A_0}{\lambda} = \frac{1,00 \cdot 10^7 [\text{Bq}]}{3,83 \cdot 10^{-12} [\text{s}^{-1}]} = 2,61 \cdot 10^{18} \text{ átomos}$$

A masa é proporcional á cantidade de átomos:

$$m_0 = \frac{N_0}{N_A} \cdot M = \frac{2,61 \cdot 10^{18} [\text{átomos}]}{6,02 \cdot 10^{23} [\text{átomos/mol}]} \cdot 14 [\text{g/mol}] = 6,06 \cdot 10^{-5} \text{ g} = 60,6 \text{ } \mu\text{g}$$

b) Como a actividade radioactiva é proporcional á cantidade de núcleos, $A = \lambda \cdot N$, pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, na que aparece a actividade en vez da cantidade de átomos:

$$\frac{A}{\lambda} = \frac{A_0}{\lambda} \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$A = A_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 1,00 \cdot 10^7 [\text{Bq}] \cdot e^{-0,000175 [\text{ano}]^{-1} \cdot 5000 [\text{ano}]} = 5,46 \cdot 10^6 \text{ Bq} = 3,28 \cdot 10^8 \text{ des/min}$$

c) Polo valor do período de semidesintegración, o carbono-14 emprégase para datar restos (que necesariamente deben conter carbono, normalmente restos orgánicos como madeira, ósos, etc.) relativamente recentes, de menos de 50 000 anos, (tempo no que a actividade radioactiva orixinal diminuíría á milésima parte). O método do carbono-14 baséase no feito de que a proporción de carbono-14 nas plantas vivas mantense constante ao longo da súa vida, xa que o carbono desintegrado compénsase polo asimilado na fotosíntese, e que o carbono-14 atmosférico restitúese pola radiación cósmica que converte o nitróxeno atmosférico en carbono-14. Cando a planta morre, o carbono que se desintegra xa non se repón e, coa ecuación anterior, podemos determinar o tempo transcorrido medindo a súa actividade radioactiva e comparándoa coa que ten unha planta viva.

12. Unha mostra de carbono-14 ten unha actividade de $2,8 \cdot 10^8$ desintegracións/s. O período de semidesintegración é $T_{1/2} = 5730$ anos. Calcula:

a) A masa da mostra no instante inicial.

b) A actividade ao cabo de 2000 anos.

c) A masa de mostra nese instante.

 $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; masa atómica do $^{14}\text{C} = 14 \text{ g/mol}$; 1 ano = $3,16 \cdot 10^7 \text{ s}$

(P.A.U. xuño 12)

Rta.: a) $m_0 = 1,7 \text{ mg}$; b) $A = 2,2 \cdot 10^8 \text{ Bq}$; c) $m = 1,3 \text{ mg}$ **Datos**

Período de semidesintegración

Actividade da mostra

Tempo para calcular a actividade

Masa atómica do ^{14}C **Cifras significativas: 3**

$$T_{1/2} = 5730 \text{ anos} = 1,81 \cdot 10^{11} \text{ s}$$

$$A_0 = 2,80 \cdot 10^8 \text{ Bq}$$

$$t = 2000 \text{ anos} = 6,31 \cdot 10^{10} \text{ s}$$

$$M = 14,0 \text{ g/mol}$$

Datos

Número de Avogadro

Incógnitas

Masa inicial da mostra

Actividade radioactiva aos 2000 anos

Masa da mostra aos 2000 anos

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3

$$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$$

$$m_0$$

$$A$$

$$m$$

$$\lambda$$

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Pódese calcular o número de átomos N a partir da expresión da actividade radioactiva: $A = \lambda \cdot N$.

Antes hai que calcular a constante λ de desintegración radioactiva, a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{1,81 \cdot 10^{11} [\text{s}]} = 3,83 \cdot 10^{-12} \text{ s}^{-1} = 0,000175 \text{ ano}^{-1}$$

$$N_0 = \frac{A_0}{\lambda} = \frac{2,80 \cdot 10^8 [\text{Bq}]}{3,83 \cdot 10^{-12} [\text{s}^{-1}]} = 7,30 \cdot 10^{19} \text{ átomos}$$

A masa é proporcional á cantidade de átomos:

$$m_0 = \frac{N_0}{N_A} \cdot M = \frac{7,30 \cdot 10^{19} [\text{átomos}]}{6,02 \cdot 10^{23} [\text{átomos/mol}]} \cdot 14,0 [\text{g/mol}] = 1,70 \cdot 10^{-3} \text{ g} = 1,70 \text{ mg}$$

b) Como a actividade radioactiva é proporcional á cantidade de núcleos, $A = \lambda \cdot N$, pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, na que aparece a actividade no canto da cantidade de átomos, multiplicando cada termo da igualdade por λ :

$$\lambda \cdot N = \lambda \cdot N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$A = A_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 1,00 \cdot 10^7 [\text{Bq}] \cdot e^{-0,000175 [\text{ano}]^{-1} \cdot 2000 [\text{ano}]} = 2,20 \cdot 10^8 \text{ Bq}$$

c) Como a masa tamén é proporcional á cantidade de núcleos pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, na que aparece a masa no canto da cantidade de átomos. A constante de proporcionalidade é: N_A / M , o número de átomos que hai na unidade de masa dese elemento, onde N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.

$$N = m \cdot N_A / M$$

$$m \cdot \frac{N_A}{M} = m_0 \cdot \frac{N_A}{M} \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 1,70 [\text{mg}] \cdot e^{-0,000175 [\text{año}]^{-1} \cdot 2000 [\text{año}]} = 1,33 \text{ mg}$$

13. Nunha cova encóntranse restos orgánicos e ao realizar a proba do carbono-14 obsérvase que a actividade da mostra é de 10^6 desintegracións/s. Sabendo que o período de semidesintegración do carbono-14 é de 5730 anos, calcula:

a) A masa inicial da mostra.

b) A masa da mostra cando transcorran 4000 anos.

DATOS: $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; $A(^{14}\text{C}) = 14$.

(A.B.A.U. ord. 20)

Rta.: a) $m_0 = 6,06 \text{ } \mu\text{g}$; b) $m = 3,74 \text{ } \mu\text{g}$

Datos

Período de semidesintegración
 Actividade da mostra
 Tempo para calcular a actividade
 Masa atómica do ^{14}C
 Número de Avogadro

Incógnitas

Masa inicial da mostra
 Masa aos 4000 anos

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

Ecuacións

Lei da desintegración radioactiva

Cando $t = T_{1/2}$, $N = N_0 / 2$

Actividade radioactiva

Cifras significativas: 3

$$T_{1/2} = 5\,730 \text{ anos} = 1,81 \cdot 10^{11} \text{ s}$$

$$A_0 = 1,00 \cdot 10^6 \text{ Bq}$$

$$t = 4000 \text{ anos} = 1,26 \cdot 10^{11} \text{ s}$$

$$M = 14,0 \text{ g/mol}$$

$$N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$$

$$m_0$$

$$A$$

$$\lambda$$

$$N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$\lambda = \ln(N_0 / N) / t$$

$$T_{1/2} = \ln 2 / \lambda$$

$$A = -dN / dt = \lambda \cdot N$$

Solución:

a) Pódese calcular o número de átomos N a partir da expresión da actividade radioactiva: $A = \lambda \cdot N$.

Antes hai que calcular a constante λ de desintegración radioactiva, a partir do período de semidesintegración

$$\lambda = \frac{\ln 2}{T_{1/2}} = \frac{0,693}{1,81 \cdot 10^{11} [\text{s}]} = 3,83 \cdot 10^{-12} \text{ s}^{-1} = 0,000\,175 \text{ ano}^{-1}$$

$$N_0 = \frac{A_0}{\lambda} = \frac{1,00 \cdot 10^6 [\text{Bq}]}{3,83 \cdot 10^{-12} [\text{s}^{-1}]} = 2,61 \cdot 10^{17} \text{ átomos}$$

A masa é proporcional á cantidade de átomos:

$$m_0 = \frac{N_0}{N_A} \cdot M = \frac{2,61 \cdot 10^{17} [\text{átomos}]}{6,02 \cdot 10^{23} [\text{átomos/mol}]} \cdot 14,0 [\text{g/mol}] = 6,06 \cdot 10^{-6} \text{ g} = 6,06 \mu\text{g}$$

Análise: Coa nula precisión do dato da actividade, 10^6 Bq, o resultado podería ser calquera ente $0,1 \mu\text{g}$ e $10 \mu\text{g}$.

b) Como a masa é proporcional á cantidade de núcleos pódese obter unha expresión similar á lei da desintegración radioactiva, $N = N_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t}$, na que aparece a masa no canto da cantidade de átomos. A constante de proporcionalidade é: N_A / M , o número de átomos que hai na unidade de masa dese elemento, onde N_A é o número de Avogadro e M é a masa atómica do elemento.

$$N = m \cdot N_A / M$$

$$m \cdot \frac{N_A}{M} = m_0 \cdot \frac{N_A}{M} \cdot e^{-\lambda \cdot t}$$

$$m = m_0 \cdot e^{-\lambda \cdot t} = 6,06 \cdot 10^{-6} [\text{g}] \cdot e^{-0,000175 [\text{ano}]^{-1} \cdot 4000 [\text{ano}]} = 3,74 \cdot 10^{-6} \text{ g} = 3,74 \mu\text{g}$$

● Enerxía nuclear

1. Para o núcleo de uranio, $^{238}_{92}\text{U}$, calcula:

- O defecto de masa.
- A enerxía de enlace nuclear.
- A enerxía de enlace por nucleón.

Datos: $m(^{238}_{92}\text{U}) = 238,051 \text{ u}$; $1 \text{ g} = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ u}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$; $m(\text{p}) = 1,007277 \text{ u}$; $m(\text{n}) = 1,008665 \text{ u}$
(A.B.A.U. extr. 18)

Rta.: a) $\Delta m = 1,883 \text{ u} = 3,128 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$; b) $E_e = 2,81 \cdot 10^{-10} \text{ J/átomo}$; c) $E_{\text{en}} = 1,18 \cdot 10^{-12} \text{ J/nucleón}$

Datos

Masa: uranio-238

protón

neutrón

Unidade de masa atómica

Velocidade da luz no baleiro

Incógnitas

Defecto de masa

Enerxía de enlace

Enerxía de enlace por nucleón

Ecuacións

Equivalencia masa enerxía de Einstein

Cifras significativas: 3

$m(^{238}_{92}\text{U}) = 238,051 \text{ u}$

$m(^1_1\text{H}) = 1,007277 \text{ u}$

$m(^1_0\text{n}) = 1,008665 \text{ u}$

$1 \text{ g} = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ u}$

$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$

Δm

E_e

E_{en}

$E = m \cdot c^2$

Solución:

a) O defecto de masa é a diferenza entre a masa do núcleo de uranio-238 e a suma das masas dos protóns e neutróns que o forman. O número de protóns é o número atómico, 92, e o de neutróns é 146, a diferenza entre o número másico 238 e o número de protóns 92.

$$\Delta m = m(^{238}_{92}\text{U}) - 92 \cdot m(^1_1\text{H}) - 146 \cdot m(^1_0\text{n}) = 238,051 [\text{u}] - 92 \cdot 1,0073 [\text{u}] - 146 \cdot 1,008665 [\text{u}] = -1,883 \text{ u}$$

$$\Delta m = -1,883 [\text{u}] \cdot \frac{1 [\text{g}]}{6,02 \times 10^{23} [\text{u}]} \cdot \frac{1 [\text{kg}]}{10^3 [\text{g}]} = -3,13 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$$

b) A enerxía equivalente calcúlase coa ecuación de Einstein

$$E_e = m \cdot c^2 = 3,13 \cdot 10^{-27} [\text{kg}] \cdot (3,00 \cdot 10^8 [\text{m/s}])^2 = 2,81 \cdot 10^{-10} \text{ J/átomo U}$$

c) A enerxía de enlace por nucleón calcúlase dividindo entre o número de nucleóns

$$E_{\text{en}} = \frac{2,81 \cdot 10^{-10} [\text{J/átomo U}]}{238 [\text{nucleóns/átomo U}]} = 1,18 \cdot 10^{-12} \text{ J/nucleón}$$

2. O isótopo do boro $^{10}_5\text{B}$ é bombardeado por unha partícula α e prodúcese $^{13}_6\text{C}$ e outra partícula.

a) Escribe a reacción nuclear.

b) Calcula a enerxía liberada por núcleo de boro bombardeado.

c) Calcula a enerxía liberada se se considera 1 g de boro.

Datos: masa atómica($^{10}_5\text{B}$) = 10,0129 u; masa atómica($^{13}_6\text{C}$) = 13,0034 u; masa(α) = 4,0026 u; masa(protón) = 1,0073 u; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m/s}$; $N_A = 6,022 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; $1 \text{ u} = 1,66 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$. (P.A.U. set. 16)

Rta.: a) $^{10}_5\text{B} + ^4_2\text{He} \rightarrow ^{13}_6\text{C} + ^1_1\text{H}$; b) $E = 7,15 \cdot 10^{-13} \text{ J/átomo}$; c) $E_2 = 43,1 \text{ GJ/g}$

Datos

Masa: boro-10

carbono-13

partícula α

protón

Número de Avogadro

Unidade de masa atómica

Velocidade da luz no baleiro

Incógnitas

Enerxía liberada por núcleo de boro bombardeado

Enerxía liberada / g de boro

Outros símbolos

Constante de desintegración radioactiva

Cifras significativas: 3

$m(^{10}_5\text{B}) = 10,0129 \text{ u}$

$m(^{13}_6\text{C}) = 13,0034 \text{ u}$

$m(^4_2\text{He}) = 4,0026 \text{ u}$

$m(^1_1\text{H}) = 1,0073 \text{ u}$

$N_A = 6,022 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$

$1 \text{ u} = 1,66 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$

$c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$

E

E_2

λ


Ecuacións

Equivalencia masa enerxía de Einstein

$$E = m \cdot c^2$$

Solución:

a) Escríbese a reacción nuclear aplicando os principios de conservación do número másico e da carga eléctrica nos procesos nucleares.



b) Cálculase o defecto de masa

$$\Delta m = m({}^{13}_6\text{C}) + m({}^1_1\text{H}) - (m({}^{10}_5\text{B}) + m({}^4_2\text{He})) = 13,0034 [\text{u}] + 1,0073 [\text{u}] - (10,0129 [\text{u}] + 4,0026 [\text{u}]) = -0,00480 \text{ u}$$

$$\Delta m = -0,00480 \text{ u} \cdot 1,66 \cdot 10^{-27} \text{ kg/u} = -7,97 \cdot 10^{-30} \text{ kg}$$

Cálculase a enerxía equivalente segundo a ecuación de Einstein

$$E = m \cdot c^2 = 7,97 \cdot 10^{-30} [\text{kg}] \cdot (3,00 \cdot 10^8 [\text{m/s}])^2 = 7,15 \cdot 10^{-13} \text{ J/átomo B}$$

c) Cálculase a cantidade de átomos de boro que hai en 1 g de boro.

$$N = 1,00 \text{ g B} \cdot \frac{1 \text{ mol B}}{10,0129 \text{ g B}} \cdot \frac{6,022 \cdot 10^{23} \text{ átomos}}{1 \text{ mol}} = 6,01 \cdot 10^{22} \text{ átomos B}$$

Cálculase a enerxía para 1 g de boro

$$E_2 = 7,15 \cdot 10^{-13} [\text{J/átomo B}] \cdot 6,01 \cdot 10^{22} [\text{átomos B/g B}] = 4,31 \cdot 10^{10} \text{ J} = 43,1 \text{ GJ/g B}$$

◇ CUESTIÓNS**● Relatividade**

- Un astronauta viaxa nunha nave espacial con velocidade constante $\vec{v}$ respecto a un observador que está en repouso na Terra. O astronauta mide a lonxitude l (que coincide coa dirección de $\vec{v}$) e a altura h da nave. As medidas da lonxitude l' e altura h' que fai o terrícola serán:
 A) $l' < l$ e $h' < h$.
 B) $l' < l$ e $h' = h$.
 C) $l' > l$ e $h' > h$.

(A.B.A.U. ord. 22)

Solución: B

A teoría da relatividade especial di que a lonxitude dun obxecto que se move a velocidades próximas as da luz, medida desde outro sistema en repouso, é menor que a que mediría un observador situado nese obxecto que se move. A lonxitude l' medida desde o sistema en repouso vén dada pola expresión:

$$l' = l \cdot \sqrt{1 - \frac{v^2}{c^2}}$$

Como o factor que contén a raíz cadrada é menor que 1, a lonxitude $l' < l$.

A contracción da lonxitude afecta só á medida da lonxitude que se move na mesma dirección, pero non á da altura, que é perpendicular á dirección do movemento.

- Un astronauta (A) achégase a unha estrela cunha velocidade de 200 000 km/s e outro astronauta (B) distánciase da mesma estrela coa mesma velocidade coa que se achega o (A). A velocidade con que estes astronautas perciben a velocidade da luz da estrela é:
 A) Maior para o astronauta (A) e menor para o (B).

- B) Menor para o astronauta (A) e maior para o (B).
 C) Igual para os dous astronautas.

(A.B.A.U. ord. 19)

Solución: C

O segundo postulado da teoría especial da relatividade de Einstein establece que a velocidade da luz no baleiro é constante e independente do sistema de referencia inercial desde o que se mida.

3. Un vehículo espacial afástase da Terra cunha velocidade de $0,5\ c$ (c = velocidade da luz). Desde a Terra envíase un sinal luminoso e a tripulación mide a velocidade do sinal obtendo o valor:
 A) $0,5\ c$
 B) c
 C) $1,5\ c$

(A.B.A.U. extr. 22, P.A.U. set. 07, xuño 04)

Solución: B

O segundo postulado da teoría especial da relatividade de Einstein establece que a velocidade da luz no baleiro é constante e independente do sistema de referencia inercial desde o que se mida.

4. Medimos o noso pulso na Terra (en repouso) observando que o tempo entre cada latexo é de $0,80\ s$. Despois facemos a medida viaxando nunha nave espacial á velocidade de $0,70\ c$, sendo c a velocidade da luz no baleiro. De acordo coa teoría especial da relatividade, o tempo que medimos será:
 A) $1,12\ s$
 B) $0,57\ s$
 C) $0,80\ s$

(A.B.A.U. ord. 20)

Solución: C

A teoría da relatividade especial predí que o tempo dun sistema que se move a velocidade moi alta relativo a un sistema en repouso, transcorre máis lentamente. A dilatación do tempo ven dada pola expresión:

$$\Delta t' = \frac{\Delta t}{\sqrt{1 - \frac{v^2}{c^2}}}$$

Pero o tempo propio, medido por un observador situado dentro do sistema que se move, é o mesmo que se estivese en repouso. O principio de relatividade di que non se pode determinar mediante a experiencia se un sistema está en repouso ou está movéndose sexa cal sexa a velocidade.

5. A ecuación de Einstein $E = m \cdot c^2$ implica que:
 A) Unha masa m necesita unha enerxía E para poñerse en movemento.
 B) A enerxía E é a que ten unha masa m cando vai á velocidade da luz.
 C) E é a enerxía equivalente a unha masa m .

(A.B.A.U. extr. 21)

Solución: C

A ecuación de Einstein establece a relación entre masa e enerxía.

$$E = m \cdot c^2$$

E representa a enerxía dunha partícula e m é a súa masa. Masa e enerxía son aspectos equivalentes. Pódese dicir que E é a enerxía que se pode obter dunha masa m se se desintegrate.

6. A enerxía relativista total dunha masa en repouso:
- Relaciona a lonxitude de onda coa cantidade de movemento.
 - Representa a equivalencia entre materia e enerxía.
 - Relaciona as incertezas da posición e do momento.

(P.A.U. set. 12)

Solución: B

A ecuación de Einstein establece a relación entre masa e enerxía.

$$E_0 = m_0 \cdot c^2$$

E_0 representa a enerxía en repouso dunha partícula e m_0 é a masa en repouso da partícula. Esta ecuación permite expresar a masa das partículas en unidades de enerxía. Por exemplo, a masa dun protón é de 938 MeV, ou a do electrón 0,511 MeV.

As outras opcións:

A. Falsa. A ecuación que relaciona a lonxitude de onda λ coa cantidade de movemento p é a ecuación de Luís De Broglie, da dualidade onda-partícula.

$$\lambda = \frac{h}{p} = \frac{h}{m \cdot v}$$

Permite calcular a lonxitude de onda asociada a unha partícula de masa m que se move cunha velocidade v .
C. Falsa. O principio de indeterminación (antes coñecido como principio de incerteza) de Heisenberg podía interpretarse como a imposibilidade de coñecer con precisión absoluta dúas magnitudes cuxo produto tivese as unidades de enerxía · tempo («acción»). A incerteza na posición dunha partícula Δx multiplicado pola incerteza no seu momento (cantidade de movemento) Δp_x era superior á constante h de Planck dividida entre 4π .

$$\Delta x \cdot \Delta p_x \geq \frac{h}{4\pi}$$

7. A ecuación de Einstein $E = m \cdot c^2$ implica que:
- Unha determinada masa m necesita unha enerxía E para poñerse en movemento.
 - A enerxía E é a que ten unha masa m que se move á velocidade da luz.
 - E é a enerxía equivalente a unha determinada masa.

(P.A.U. set. 05)

Solución: C

A ecuación $E = m \cdot c^2$ dá a enerxía total dunha partícula (en ausencia de campos que poidan comunicarlle unha enerxía potencial). Aínda que a partícula estea en repouso, terá unha enerxía:

$$E_0 = m_0 \cdot c^2$$

Sendo m_0 a masa en repouso da partícula.

Unha aplicación desa ecuación é para o cálculo da enerxía que pode obterse na desintegración nuclear, é dicir da enerxía nuclear. Un gramo ($1 \cdot 10^{-3}$ kg) de masa, se se desintegra totalmente, produce unha enerxía de:

$$E = m \cdot c^2 = 1 \cdot 10^{-3} \text{ [kg]} \cdot (3 \cdot 10^8 \text{ [m/s]})^2 = 9 \cdot 10^{13} \text{ J} = 2,5 \cdot 10^7 \text{ kW} \cdot \text{h} = 250 \text{ GW} \cdot \text{h}$$

Enerxía que cubriría as necesidades enerxéticas dunha cidade mediana durante un mes.

● Física cuántica

1. Un fotón de luz visible con lonxitude de onda de 500 nm ten un momento lineal de:
- 0

B) $3,31 \cdot 10^{-25} \text{ kg} \cdot \text{m} \cdot \text{s}^{-1}$

C) $1,33 \cdot 10^{-27} \text{ kg} \cdot \text{m} \cdot \text{s}^{-1}$

DATO: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$

(A.B.A.U. ord. 21)

Solución: C

De Broglie propuxo que nalgúns casos o comportamento de certas partículas podería interpretarse como o de ondas cuxa lonxitude de onda asociada λ viría dada pola expresión:

$$\lambda = \frac{h}{p} = \frac{h}{m \cdot v}$$

Na ecuación, h é a constante de Planck e m a masa da partícula e v a súa velocidade.

h é unha constante e $m \cdot v$ é a expresión do momento lineal ou cantidade de movemento e λ a lonxitude da onda asociada.

Tamén que nalgúns casos o comportamento das ondas podería interpretarse como o de partículas cun momento lineal:

$$p = m \cdot v = \frac{h}{\lambda}$$

Para o fotón de $\lambda = 500 \text{ nm} = 5,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}$, o momento lineal valería:

$$p = m \cdot v = \frac{h}{\lambda} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}}{5,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}} = 1,33 \cdot 10^{-27} \text{ kg} \cdot \text{m} \cdot \text{s}^{-1}$$

2. A luz xerada polo Sol:

A) Está formada por ondas electromagnéticas de diferente lonxitude de onda.

B) Son ondas que se propagan no baleiro a diferentes velocidades.

C) Son fotóns da mesma enerxía.

(P.A.U. set. 04)

Solución: A

A luz do Sol é luz branca. Newton xa demostrou que, ao pasar a través dun prisma de vidro, dispersábase en varias cores que ao pasar de novo por un segundo prisma, orientado adecuadamente, recompuñían de novo a luz branca. Aínda que Newton pensaba que a luz estaba formada por un chorro de partículas, foi a hipótese ondulatoria do seu rival Huygens a que se foi comprobando ao longo dos séculos. Así Young conseguiu figuras de interferencia ao facer pasar luz a través dunha dobre fenda. Maxwell unificou a forza eléctrica e a magnética e viu que o valor da velocidade da luz no baleiro obtíñase da expresión que combina a permitividade eléctrica ϵ_0 e a permeabilidade magnética μ_0 do baleiro:

$$c = \frac{1}{\sqrt{\epsilon_0 \cdot \mu_0}}$$

Maxwell demostrou que a luz é unha superposición dun campo eléctrico oscilante que xeraba un campo magnético oscilante perpendicular ao eléctrico que se propagaba polo baleiro a 300 000 km/s.

Unha luz monocromática ten unha lonxitude de onda determinada (entre 400 e 700 nm). As cores do arco iris corresponden a unha dispersión da luz nos seus compoñentes monocromáticas.

As outras opcións:

A opción B non pode ser correcta, xa que un dos postulados de Einstein da relatividade especial di que a velocidade da luz no baleiro é unha constante, independentemente do sistema de referencia desde o que se mida.

A opción C tampouco é a correcta. Cando a natureza ondulatoria da luz estaba probada, a interpretación de Einstein do efecto fotoeléctrico demostrou que a luz monocromática era tamén un chorro de partículas ás que chamou fotóns, que tiñan unha enerxía dada pola ecuación de Planck

$$E = h \cdot f$$

Na ecuación, h é a constante de Planck e f a frecuencia da luz monocromática. Nas experiencias do efecto fotoeléctrico viuse que ao iluminar o cátodo con luz monocromática de distintas frecuencias, obtidas por exemplo, dispersando a luz branca cun prisma, existía unha frecuencia mínima ou frecuencia limiar para que se producise o efecto fotoeléctrico. Segundo a interpretación de Einstein, a luz que non producía o efecto fotoeléctrico era porque cada un dos fotóns non tiña a enerxía suficiente.

● Efecto fotoeléctrico.

1. Un determinado feixe de luz provoca efecto fotoeléctrico nun determinado metal. Se aumentamos a intensidade do feixe incidente:

- A) Aumenta o número de fotoelectróns arrancados, así como a súa enerxía cinética.
- B) Aumenta o número de fotoelectróns arrancados sen se modificar a súa enerxía cinética.
- C) O número de fotoelectróns arrancados non varía, pero a súa enerxía cinética aumenta.

(A.B.A.U. ord. 19)

Solución: B

Interpretación de Einstein do efecto fotoeléctrico.

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faíno coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmítele toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$

Ao aumentar a intensidade da luz, aumenta o número de fotóns que chega ao cátodo, e, como cada fotón arranca un electrón, aumentará o número de electróns emitidos. Pero a enerxía cinética dos electróns non depende da intensidade da luz senón da súa frecuencia.

2. O efecto fotoeléctrico prodúcese se:

- A) A intensidade da radiación incidente é moi grande.
- B) A lonxitude de onda da radiación é grande.
- C) A frecuencia da radiación é superior á frecuencia limiar.

(A.B.A.U. extr. 17)

Solución: C

Interpretación de Einstein do efecto fotoeléctrico.

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faíno coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmítele toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34}$ J·s

As outras opcións:

A. Falsa. Se a intensidade da luz é moi grande haberá un gran número de fotóns. Pero se cada un deles non ten enerxía suficiente, non se producirá efecto fotoeléctrico.

B. Falsa. A lonxitude de onda é inversamente proporcional á frecuencia. A maior lonxitude de onda, menor frecuencia e, por tanto, menor enerxía dos fotóns. Con menos enerxía é menos probable que se supere o traballo de extracción.

3. Ao irradiar un metal con luz vermella (682 nm) prodúcese efecto fotoeléctrico. Se irradiamos o mesmo metal con luz amarela (570 nm):

A) Non se produce efecto fotoeléctrico.

B) Os electróns emitidos móvense máis rapidamente.

C) Emítense máis electróns pero á mesma velocidade.

(P.A.U. xuño 14)

Solución: B

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmíttelle toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34}$ J·s

A frecuencia dunha onda é inversamente proporcional a súa lonxitude de onda λ ,

$$f = \frac{c}{\lambda}$$

Cuanto menor sexa a súa lonxitude de onda, maior será a frecuencia e maior será a enerxía do fotón.

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos será:

$$E_c = E_f - W_e$$

Por tanto, canto maior sexa a enerxía dos fotóns, maior será a enerxía cinética (e a velocidade) dos electróns emitidos.

As outras opcións:

A. Falsa. Se a luz vermella produce efecto fotoeléctrico é que os seus fotóns teñen enerxía suficiente para extraer os electróns do metal. Como os fotóns de luz amarela teñen máis enerxía (porque a súa lonxitude de onda é menor), tamén poderán producir efecto fotoeléctrico.

C. Falsa. Como xa se dixo, o efecto fotoeléctrico prodúcese cando cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía. Para producir máis electróns tería que haber máis fotóns. A cantidade de fotóns está relacionada coa intensidade da luz, pero non ten que ver coa enerxía dos fotóns.

4. Se se duplica a frecuencia da radiación que incide sobre un metal:
- A) Duplícase a enerxía cinética dos electróns extraídos.
 - B) A enerxía cinética dos electróns extraídos non experimenta modificación.
 - C) Non é certa ningunha das opcións anteriores.

(P.A.U. set. 14)

Solución: C

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34}$ J·s

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos será:

$$E_c = E_f - W_e$$

Por tanto, se se duplica a frecuencia da radiación incidente, duplícase a enerxía dos fotóns, e faise maior a enerxía cinética (e a velocidade) dos electróns emitidos.

Por tanto, a opción B é falsa.

Pero como non hai proporcionalidade entre a enerxía cinética e a enerxía do fotón, a opción A tamén é falsa.

5. Prodúcese efecto fotoeléctrico cando fotóns de frecuencia f , superior a unha frecuencia limiar f_0 , inciden sobre certos metais. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Emítense fotóns de menor frecuencia.
- B) Emítense electróns.
- C) Hai un certo atraso temporal entre o instante da iluminación e o da emisión de partículas.

(P.A.U. xuño 13)

Solución: B

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faino coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmítelle toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34}$ J·s

As outras opcións:

A. Falsa. O fenómeno polo que algunhas sustancias emiten radiación de menor frecuencia ao ser iluminadas coñécese como fluorescencia, pero non ten nada que ver co efecto fotoeléctrico.

C. Falsa. Unha das leis experimentais do efecto fotoeléctrico di que a emisión de electróns polo metal é instantánea ao ser iluminado coa frecuencia adecuada. Non existe ningún atraso.

6. Para producir efecto fotoeléctrico non se usa luz visible, senón ultravioleta, e é porque a luz UV:

A) Quenta máis a superficie metálica.

B) Ten maior frecuencia.

C) Ten maior lonxitude de onda.

(P.A.U. set. 09)

Solución: B

Unha das leis experimentais do efecto fotoeléctrico di que, empregando luz monocromática, só se produce efecto fotoeléctrico se a frecuencia da luz supera un valor mínimo, chamado frecuencia limiar.

Como a luz ultravioleta ten maior frecuencia que a luz visible, é máis seguro que se produza efecto fotoeléctrico con luz ultravioleta que con luz visible, aínda que existen metais empregados como cátodos en células fotoeléctricas nos que luz visible, de alta frecuencia como azul ou violeta, pode facelas funcionar.

7. Para o efecto fotoeléctrico, razoa cal das seguintes afirmacións é correcta:

A) A frecuencia limiar depende do número de fotóns que chegan a un metal en cada segundo.

B) A enerxía cinética máxima do electrón emitido por un metal non depende da frecuencia da radiación incidente.

C) A potencia de freado depende da frecuencia da radiación incidente.

(P.A.U. set. 16)

Solución: C

É unha das leis experimentais do efecto fotoeléctrico. Estas son:

1. Empregando luz monocromática, só se produce efecto fotoeléctrico se a frecuencia da luz supera un valor mínimo, chamado frecuencia limiar.

2. É instantáneo.

3. A intensidade da corrente de saturación é proporcional á intensidade da luz incidente.

4. A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos polo cátodo, medida como potencial de freado, depende só da frecuencia da luz incidente.

A [ecuación de Einstein](#) do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

A enerxía cinética E_c máxima dos electróns escríbese en función do potencial de freado

$$E_c = |e| \cdot V$$

A enerxía dos fotóns depende da súa frecuencia (ecuación de Planck).

$$E_f = h \cdot f$$

A ecuación de Einstein queda

$$h \cdot f = W_e + |e| \cdot V$$

$$V = (h \cdot f - W_e) / |e|$$

8. Prodúcese efecto fotoeléctrico, cando fotóns máis enerxéticos que os visibles, por exemplo luz ultravioleta, inciden sobre a superficie limpa dun metal. De que depende o que haxa ou non emisión de electróns?:
- A) Da intensidade da luz.
 - B) Da frecuencia da luz e da natureza do metal.
 - C) Só do tipo de metal.

(P.A.U. set. 08)

Solución: B

A [ecuación de Einstein](#) do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Para que ocorra efecto fotoeléctrico debe haber electróns con enerxía suficiente para chegar ao anticátodo. Isto depende de que a enerxía dos fotóns supere ao traballo de extracción, que é unha característica do metal. A enerxía dos fotóns depende da súa frecuencia (ecuación de Planck).

$$E_f = h \cdot f$$

9. Cun raio de luz de lonxitude de onda λ non se produce efecto fotoeléctrico nun metal. Para conseguilo débese aumentar:
- A) A lonxitude de onda λ .
 - B) A frecuencia f .
 - C) O potencial de freado.

(P.A.U. xuño 11)

Solución: B

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faíno coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmítele toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J} \cdot \text{s}$

Canto maior sexa a frecuencia, maior será a enerxía do fotón.

Se non se produce efecto fotoeléctrico co raio de luz orixinal, haberá que empregar outro de maior enerxía, ou sexa, de maior frecuencia.

10. No efecto fotoeléctrico, a representación gráfica da enerxía cinética máxima dos electróns emitidos en función da frecuencia da luz incidente é:
- A) Unha parábola.
 - B) Unha liña recta.
 - C) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

(P.A.U. xuño 16)

Solución: B

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoeléctrica faíno coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmíttelle toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoeléctrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:


$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos será:

$$E_c = E_f - W_e = h \cdot f - W_e$$

A representación gráfica da enerxía cinética fronte á frecuencia da radiación incidente é unha liña recta cuxa pendente é a constante de Planck. Tendo en conta que para enerxías inferiores ao traballo de extracción non se produce efecto fotoeléctrico, a enerxía cinética vale cero ata que a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción. A representación sería parecida á da figura.



11. Un metal cuxo traballo de extracción é 4,25 eV, ilumínase con fotóns de 5,5 eV. Cal é a enerxía cinética máxima dos fotoelectróns emitidos?

- A) 5,5 eV
B) 1,25 eV
C) 9,75 eV

(P.A.U. set. 07)

Solución: B

A [ecuación de Einstein](#) do efecto fotoeléctrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

Substituíndo valores queda:

$$E_c = E_f - W_e = 5,5 - 4,25 = 1,2 \text{ eV}$$

12. Nunha célula fotoeléctrica, o cátodo metálico ilumínase cunha radiación de $\lambda = 175 \text{ nm}$ e o potencial de freado é de 1 V. Cando usamos unha luz de 250 nm, o potencial de freado será:

- A) Menor.
- B) Maior.
- C) Igual.

(A.B.A.U. ord. 20, P.A.U. xuño 15)

Solución: A

Cando a luz interactúa co metal da célula fotoelétrica faíno coma se fose un chorro de partículas chamadas fotóns (paquetes de enerxía).

Cada fotón choca cun electrón e transmítele toda a súa enerxía.

Para que ocorra efecto fotoelétrico, os electróns emitidos deben ter enerxía suficiente para chegar ao anticátodo, o que ocorre cando a enerxía do fotón é maior que o traballo de extracción, que é unha característica do metal.

A ecuación de Einstein do efecto fotoelétrico pode escribirse:

$$E_f = W_e + E_c$$

Na ecuación, E_f representa a enerxía do fotón incidente, W_e o traballo de extracción do metal e E_c a enerxía cinética máxima dos electróns (fotoelectróns) emitidos.

A enerxía que leva un fotón de frecuencia f é:

$$E_f = h \cdot f$$

En esta ecuación, h é a constante de Planck e ten un valor moi pequeno: $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$

A frecuencia dunha onda é inversamente proporcional a súa lonxitude de onda λ ,

$$f = \frac{c}{\lambda}$$

Cuanto maior sexa a súa lonxitude de onda, menor será a frecuencia e menor será a enerxía do fotón.

A enerxía cinética máxima dos electróns emitidos será:

$$E_c = E_f - W_e$$

A enerxía do fotón, que depende da frecuencia f , escríbese en función da lonxitude de onda λ .

$$E_f = h \cdot f = h \cdot \frac{c}{\lambda}$$

A enerxía cinética E_c máxima dos electróns escríbese en función do potencial de freado

$$E_c = |e| \cdot V$$

A ecuación de Einstein queda

$$\frac{h \cdot c}{\lambda} = W_e + |e| \cdot V$$

Por tanto, canto maior sexa a súa lonxitude de onda menor será a enerxía dos fotóns e a enerxía cinética e o potencial de freado dos electróns emitidos.

Se tivéssemos todos os datos para facer os cálculos (a constante de Planck, a velocidade da luz no baleiro e a carga do electrón) descubriríamos que a radiación de 250 nm non produciría efecto fotoelétrico.

O traballo de extracción é:

$$W_e = \frac{h \cdot c}{\lambda} - |e| \cdot V = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J}\cdot\text{s}] \cdot 3,00 \cdot 10^8 [\text{m/s}]}{175 \cdot 10^{-9} [\text{m}]} - 1,60 \cdot 10^{-19} [\text{C}] \cdot 1 [\text{V}] = 9,74 \cdot 10^{-19} \text{ J}$$

E a enerxía do fotón de 250 nm vale:

$$E_f = h \cdot f = h \cdot \frac{c}{\lambda} = \frac{6,63 \cdot 10^{-34} [\text{J}\cdot\text{s}] \cdot 3,00 \cdot 10^8 [\text{m/s}]}{250 \cdot 10^{-9} [\text{m}]} = 7,95 \cdot 10^{-19} [\text{J}]$$

Enerxía menor que o traballo de extracción. Non sería suficiente para producir efecto fotoelétrico.

13. Unha radiación monocromática, de lonxitude de onda 300 nm, incide sobre cesio. Se a lonxitude de onda limiar do cesio é 622 nm, o potencial de freado é:

- A) 12,5 V
B) 2,15 V
C) 125 V

Datos: $1 \text{ nm} = 10^9 \text{ m}$; $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$; $e = -1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$

(P.A.U. set. 13)

Datos

Lonxitude de onda da radiación
Lonxitude de onda limiar do cesio
Constante de Planck
Velocidade da luz no baleiro
Carga do electrón

Cifras significativas: 3

$\lambda = 300 \text{ nm} = 3,00 \cdot 10^{-7} \text{ m}$
 $\lambda_0 = 622 \text{ nm} = 6,22 \cdot 10^{-7} \text{ m}$
 $h = 6,62 \cdot 10^{-34} \text{ J}\cdot\text{s}$
 $c = 3,00 \cdot 10^8 \text{ m/s}$
